

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

PERCUSIÓN

(G. Elemental e G. Profesional)

Departamento de Nome do Departamento

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

GRAO ELEMENTAL	4
1º e 2º Curso.....	4
Obxectivos:	4
Contidos:	4
Obxectivos Mínimos:.....	4
Criterios de avaliación 1º e 2º curso:	4
3º Curso	5
Obxectivos:	5
Contidos:	5
Obxectivos Mínimos:.....	5
Criterios de avaliación 3º curso:.....	5
4º Curso	6
Obxectivos:	6
Contidos:	6
Obxectivos Mínimos:.....	6
Criterios de avaliación 4º curso:.....	6
GRAO PROFESIONAL.....	8
1º Curso	8
Obxectivos:	8
Contidos:	8
Obxectivos Mínimos:.....	8
Criterios de avaliación 1º G. Profesional:	8
2º Curso	9
Obxectivos:	9
Contidos:	9
Obxectivos Mínimos:.....	9
Criterios de avaliación 2º G. Profesional:	10
3º Curso	10
Obxectivos:	10
Contidos:	10
Obxectivos Mínimos:.....	10
Criterios de avaliación 3º G. Profesional:	11
4º Curso	11
Obxectivos:	11
Contidos:	11
Obxectivos Mínimos:.....	12
Criterios de avaliación 4º G. Profesional:	12
5º Curso	12
Obxectivos:	12
Contidos:	13
Obxectivos Mínimos:.....	13
Criterios de avaliación:.....	13
6º Curso	14
Obxectivos:	14
Contidos:	14
Obxectivos Mínimos:.....	14
Criterios de avaliación 6º G. Profesional:	15
ANEXO I	16
Procedemento de avaliación.....	16
Criterios de cualificación	16
FALTAS DE ASISTENCIA.....	17



ANEXO II	17
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	17
Criterios de atención á diversidade.....	17
Alumnado con discapacidade.....	18
ANEXO III	19
PROBAS EXTRAORDINARIAS	19
Perda de avaliación continua	19
Criterios de calificación	19
Proba de Setembro.....	19
Criterios de cualificación	19
Acceso a outros cursos.....	19
Criterios de cualificación	19
Ampliacións.....	20
Criterios de cualificación	20
ANEXO IV	21
Outras actividades do departamento de percusión	21
Actividades complementarias	21
Actividades extraescolares	21



GRAO ELEMENTAL

1º e 2º Curso

Obxectivos:

- Demostrar sensibilidade auditiva: coñecemento dos diversos instrumentos e posibilidades sonoras.
- Coñecer a forma de obter sons mediante diferentes tipos de baquetas, mans, etc .,
- Aplicar a técnica de agarre básica (polgar e indicador, golpeo de pulso, baqueta solta). Dixitación correcta nas láminas, mans alternas.

Contidos:

- Dificultade das obras segundo a linguaxe musical.
- Técnica moi básica sacada das mesmas melodías das pezas.
- Rotación sistemática dos papeis.
- Improvisacións de grupos.
- Dende o principio o alumno fai as súas composicións, que serán tamén material de lectura a primeira vista e serven como motivación para o traballo persoal na casa.
- Práctica da primeira vista e memorización.
- Psicomotricidade: percusión corporal, combinacións de mans, movemento corporal, etc.
- Asistencia a cursiños, audicións, intercambios,etc.
- Dixitación correcta nas láminas, mans alternas.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 8 estudos/obras.
- Timbais: 4 estudos
- Láminas: 5 pezas
- Técnica específica de cada instrumento (tipos de golpe, escalas, etc.)

Criterios de avaliación 1º e 2º curso:

- Demostrar unha correcta aplicación da técnica segundo o nivel.
- Aplica-los coñecementos técnicos sobre os diferentes instrumentos.
- Amosar nas pezas de grupo soltura e control técnico (agarre básico) de tódolos instrumentos integrantes da obra (tocando calquera deles).



- Mostrar unha actitude positiva na clase, respetando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.

3º Curso

Obxectivos:

- Afianzar os diferentes agarres (técnicas básicas).
- Conseguir un maior empaste nas obras de grupo.
- Conseguir unha autonomía progresiva fronte a partitura.
- Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos.
- Adquirir hábitos de estudo, correctos e eficaces.

Contidos:

- Combinacións, acentos e redobres na caixa.
- Manexo de polo menos tres tonalidades nas pezas.
- Técnica de Arpexios e movementos escalares derivados das melodías.
- Obtención do mellor sonido posible nos timbais, e na percusión de mán.
- Obras solista: comprensión da obra e control básico da situación
- Lectura a primeira vista (mediante composicións diarias dos alumnos, etc) e improvisación rítmica, melódica e de grupo. Memoria.
- Asistencia a cursiños, audicións, intercambios, etc.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 9 estudos/obras.
- Timbais: 5 estudos
- Láminas: 5 estudio
- Multi/ batería: 1 estudio ou peza
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento (tipos de golpe, escalas, etc.)

Criterios de avaliación 3º curso:

- Traballar de forma continuada durante o curso
- Amosar control dos aspectos básicos das diferentes técnicas:
 - agarre e punto de pivote.
 - movemento continuo.
 - Adaptación da técnica segundo os matices.



– Zonas de golpeo.

- Mostrar uns hábitos de estudo correctos que faciliten a interpretación.
- Mostrar unha actitude positiva na clase, respectando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.

4º Curso

Obxectivos:

- Interpretar repertorio solista de memoria.
- Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos escoltándose e adaptándose ao resto dos músicos.
- Improvisar como solista e en grupo.
- Adquirir hábitos de estudo, correctos e eficaces.
- Conseguir unha autonomía progresiva fronte a partitura.

Contidos:

- Afinación dos timbais por glissando ascendente.
- Exercicios en tonalidades e velocidade con láminas.
- Aplicación de ritmos baseados nos rudimentos (combinacións) na batería, e a súa interpretación.
- Práctica da primeira vista e memorización.
- Percusión de man, dous sons: “dum” e “tak”, grave e agudo.
- O último mes terá unha especial dedicación ó exame de Pase de Grao.
- Asistencia a cursiños, audición, intercambios, etc...

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 9 estudos/obras.
- Timbais: 6 estudos
- Láminas: 6 estudos/pezas
- Multi/ batería: 1 estudio/peza
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.

Criterios de avaliación 4º curso:

- Traballar de forma continuada durante o curso.
- Amosar control dos aspectos básicos das diferentes técnicas:



- Agarre e punto de pivote.
- Movemento continuo.
- Adaptación da técnica segundo os matices.
- Zonas de golpeo.
- Afinación dos timbais.
- Mostrar unha actitude positiva na clase, respectando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.



GRAO PROFESIONAL

1º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controlar as diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valora- la importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.

Contidos:

- Caixa: Análise dos rudimentos e pezas rudimentais. Estudos non rudimentais e técnicos.
- Timbais: Sonido ligado e stacatto. Exercicios e composicións do alumno. Redobre e cruces.
- Láminas: Lectura a vista e improvisación. Técnica Burton de catro mazas: pezas de mans separadas ata pezas coas dúas mans. Técnica de dúas mazas: pezas populares e estudos. Improvisación baseada en floreos e notas de paso.
- Bateria: Coordinación e interpretación baseada nos rudimentos e diferentes estilos.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 8 estudos/obras
- Timbais: 6 estudos/obras.
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas; 3 estudos/pezas 4 baquetas
- Multi/ batería: 2 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

Criterios de avaliación 1º G. Profesional:

- Caixa/Timbais: control dos aspectos básicos como: afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo.
- Láminas: Control do agarre Burton. Punteo e apagado coas mazas correctas.



- Percusión Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Autocrítica. Control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.
- Mostrar unha actitude positiva na clase, respectando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.

2º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controlar as diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.

Contidos:

- Caixa: Control dos rudimentos.
- Timbais: Articulacións redobres e Técnica de dedos, cruces e apagado. Cambios de afinación.
- Láminas: Lectura a vista e improvisación.
- Vibráfono: Técnica de punteo, acordes e inversións (abrir e pechar), continuación do apagado con maza e uso do pedal.
- Xilófono: Técnica de escalas, arpexos e inversións. Estudos melódicos e técnicos.
- Batería: Estudo da coordinación con progresións rítmicas. Diferentes estilos.
- Combinada: Dúos, pezas de grupo e solista.
- Man: Ritmos básicos.
- Repertorio: Traballo en coordinación co departamento de orquestra.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 8 estudos/obras.
- Timbais: 6 estudos/obras.
- Láminas: 3 estudos/pezas a 2 baquetas; 3 estudos/pezas a 4 baquetas
- Multi/ batería: 2 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.



Criterios de avaliación 2º G. Profesional:

- Caixa/Timbais: control dos aspectos básicos como: afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo.
- Láminas: Control do agarre Burton. Punteo e apagado coas mazas correctas.
- Percusión Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Autocrítica. Control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.
- Mostrar unha actitude positiva na clase, respectando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.

3º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controlar as diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.

Contidos:

- Caixa: Control de tódolos rudimentos. Acentos, velocidades, matices, etc..
- Timbais: Articulacións redobres e Técnica de dedos, cruces e apagado. Cambios de afinación.
- Marimba: Técnica de Musser/Stevens.
- Vibráfono: Continuación do apagado con maza e uso do pedal.
- Xilófono: Técnica de escalas, arpejos e inversións. Estudos melódicos e técnicos.
- Batería: Continuación dos estilos: rock, bossa, samba, salsa.
- Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Man: Ritmos básicos.
- Repertorio: Traballo en coordinación co departamento de orquestra.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 5 estudos orquestrais/ 3 pezas rudimentais
- Timbais: 6 estudos/obras.



- Láminas: 3 estudos/pezas a 2 baquetas; 3 estudos/pezas a 4 baquetas
- Multi/ batería: 4 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

Criterios de avaliación 3º G. Profesional:

- Caixa: Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, dicitación de obras.
- Timbais: Afinación perfecta, cambios de pedal, son ligado e picado, diferenciación técnica segundo o matiz, zonas de golpeo ben definidas.
- Láminas: Control do agarre Burton. Punteo e apagado coas mazas correctas.
- Percusión Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Autocrítica. Control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.
- Mostrar unha actitude positiva na clase, respectando o traballo realizado fronte ós seus compañeiros.

4º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controlar as diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.

Contidos:

- Caixa: Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, dicitación de obras.
- Timbais: : afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo. Pases e cruces. Redobres ligados, curtos e fp.
- Marimba: Independencia melodía/acompañamento. Movemento continuo: pivote, dobres laterais. Zonas de son nas láminas.
- Vibráfono: Independencia melodía/acompañamento. Coordinación do apagado con maza e uso do pedal. O medio pedal.
- Xilófono: Movemento continuo, dicitación, velocidade.



- Bateria: Coordinación, balance dos instrumentos, recheos, solos. Tocar con metrónomo (Claqueta) e / ou pregravados. Ritmos básicos.
- Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Man: Ritmos básicos.
- Repertorio: Traballo en coordinación co departamento de orquestra.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 5 estudos/pezas orquestrais; 3 pezas rudimentais
- Timbais: 6 estudos/obras.
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas / 3 pezas a 4 baquetas
- Multi/ batería: 2 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

Criterios de avaliación 4º G. Profesional:

- Montaxe das pezas programadas e demostrar un control suficiente dos aspectos sinalados nos contidos do curso.
- Autocrítica. Autonomía interpretativa mediante o control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.
- Conseguir un estudio de calidade mediante a análise das obras.
- Tocar en público con soltura.
- Mostrar unha actitude responsable e de traballo fronte a clase.

5º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controla-las diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.
- Interpretar en público un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e en especial, cunha formación de percusión combinada.
- Tocar en grupo sen director, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.



Contidos:

- Caixa: Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, dixitación de obras. Rudimentos.
- Timbais: Afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo. Pases e cruces. Redobres ligados, curtos e fp.
- Marimba: Independencia melodía/acompañamento. Movemento continuo: pivote, dobres laterais. Zonas de son nas láminas.
- Vibráfono: Independencia melodía/acompañamento. Coordinación do apagado con maza e uso do pedal. O medio pedal.
- Xilófono: Movemento continuo, dixitación, velocidade.
- Batería: Coordinación, balance dos instrumentos, recheos, solos. Tocar con metrónomo (Claqueta) e / ou pregravados. Ritmos básicos.
- Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Man: Ritmos básicos.
- Repertorio: Traballo en coordinación co departamento de orquestra.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 5 estudos orquestrais / 3 pezas rudimentais / 1 obra
- Timbais: 4 estudos/ 1 obras
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas / 3 obras a 4 baquetas
- Multi/ batería: 2 estudos/obras.
- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

Criterios de avaliación:

- Montaxe das pezas programadas e demostrar un control suficiente dos aspectos sinalados nos contidos do curso.
- Autocrítica. Autonomía interpretativa mediante o control progresivo dos pasos a dar no estudio dunha partitura.
- Conseguir un estudio de calidade mediante a análise das obras.
- Tocar en público con soltura.
- Mostrar unha actitude responsable e de traballo fronte a clase.



6º Curso

Obxectivos:

- Valorar a esixencia de calidade sonora.
- Controlar as diversas técnicas de agarre.
- Conseguir unha maior autonomía progresiva fronte a partitura para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Valorar a importancia do traballo individual de calidade para conseguir os obxectivos.
- Interpretar en público un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e en especial, cunha formación de percusión combinada.
- Tocar en grupo sen director, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.
- Coñecer os aspectos didácticos necesarios para impartir clases de iniciación aos diferentes instrumentos.

Contidos:

- Caixa: Redobre pechado, diferenciación clara dos matices, dixitación de obras. Rudimentos.
- Timbais: afinación perfecta, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote correctos, traballo de dedos, zonas de golpeo. Pases e cruces. Redobres ligados, curtos e fp.
- - Marimba: Independencia melodía/acompañamento. Movemento continuo: pivote, dobres laterais. Zonas de son nas láminas.
- Vibráfono: Independencia melodía/acompañamento. Coordinación do apagado con maza e uso do pedal. O medio pedal.
- Xilófono: Movemento continuo, dixitación, velocidade.
- Batería: Coordinación, balance dos instrumentos, recheos, solos. Tocar con metrónomo (Claqueta) e / ou pregravados. Ritmos básicos.
- Combinada: Resolución dos problemas da combinación de instrumentos: matices, cambios baquetas, elección dos timbres axeitados.
- Man: Ritmos básicos.
- Repertorio: Traballo en coordinación co departamento de orquestra.

Obxectivos Mínimos:

- Caixa: 5 estudos orquestrais/ 3 pezas rudimentais/ 1 obra.
- Timbais: 4 estudos/ 1 obra
- Láminas: 3 pezas a 2 baquetas/ 3 obras a 4 baquetas
- Multi/ batería: 2 estudos/obras.



- Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ó nivel.
- Técnica específica de cada instrumento.
- Práctica da primeira vista, memoria e improvisación.

Criterios de avaliación 6º G. Profesional:

- Montaxe das pezas programadas e demostrar un control suficiente dos aspectos sinalados nos contidos do curso.
- Autocrítica. Autonomía interpretativa mediante o control progresivo dos pasos a dar no estudo dunha partitura.
- Conseguir un estudio de calidade mediante a análise das obras.
- Tocar en público con soltura.
- Mostrar unha actitude responsable e de traballo fronte a clase.



ANEXO I

Procedemento de avaliación

A avaliación terá dúas vertentes:

- **Avaliación continua:** O profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación. Suporá o **80%** da nota.
- **Avaliación puntual:** Nas audicións e concertos de alumno onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado e o comportamento do alumno nestes eventos. Suporá o **20%** da nota.

Para a superación de cada curso, estes presentan unha serie de obxetivos mínimos que haberá que completar.

Criterios de cualificación

Tanto no grao elemental coma no grao profesional, dentro de cada vertente de avaliación seguiranse 3 tipos de criterios valorados da seguinte maneira:

- **Criterios técnicos** (Técnica, traballo, hixiene postural, etc.) **40%**
- **Criterios estéticos** (Interpretación, son, resultado musical, etc.) **40%**
- **Criterios actitudinais** (Actitude, interese, comportamento, disciplina, progreso, rendemento etc.) **20%**



FALTAS DE ASISTENCIA

Establécense dous tipos de faltas:

- Xustificadas
- Sen xustificar

O profesor/a titor/a (profesor/a de instrumento) será o responsable de controlar as faltas (*admitindo ou non a súa xustificación*), supervisado pola xefatura de estudos.

Faltas Xustificadas			Faltas sen Xustificar		
	Por Trimestre	Total Curso		Por Trimestre	Total Curso
Materias de 1 sesión semanal	3	9	Materias de 1 sesión semanal	2	6

* Non se poderá superar o número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa non trimestre, ou non total do curso.

ANEXO II

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade. No plano educativo a diversidade esixe por parte do profesorado unha maior atención e esixencia.

É un feito que os alumnos que aceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais. Cando un profesor vai dar clase non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será súa a tarefa de adaptar a práctica docente ás necesidades características do alumnado.

Crterios de atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade desde a clase de percusión teremos en conta unha serie de criterios:

- a) Traballar con materiais curriculares abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos
- b) Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- c) Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno
- d) Diversificar as actividades para lograr os obxectivos, é dicir, cando non se conseguen por un camiño buscar outro
- e) Personificar todo o posible a reposta educativa a certas deficiencias



- f) Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel
- g) Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar o seu proceso de aprendizaxe
- h) Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo. Un sistema que acolle, non soamente aos alumnos comúns, senón que tamén intenta dar unha resposta a todos eses nenos con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima do normal, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando.

Neste sentido a nosa programación musical intenta establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

Alumnado con discapacidade.

A LOE establece na Disposición Adicional segunda, punto 2: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.



ANEXO III

PROBAS EXTRAORDINARIAS

Perda de avaliación continua

No caso de perda de avaliación continua polo motivo que sexa, o/a alumno/a terá dereito á realización dunha proba na que deberá de presentar a totalidade do programa do curso.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, será realizada ante todos os membros do departamento de percusión, e nela o/a alumno/a interpretará as pezas escollidas polo profesor titor de entre as da programación de dito curso, e entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Criterios de calificación

Neste caso os criterios de calificación virán dados ao 100% pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.

Proba de Setembro

O exame de Setembro para quen non cumpra os obxectivos do curso en xuño consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas que lle faltaron para completar a programación oficial para este curso e que virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo profesor titor.

O examinador ou examinadores escollerán de entre estas pezas como mínimo unha de cada instrumento e realizarán unha proba que durará entre 20 e 30 minutos.

Do mesmo xeito, o alumno debe presentar unha obra de entre estas, como mínimo, de memoria, que será de libre elección.

Criterios de cualificación

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao 100% pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.

Acceso a outros cursos

No caso de haber alumnos que queiran acceder a outros cursos, estes deberán preparar a totalidade da programación do curso inmediatamente inferior ó que opten. O resto do proceso será igual ó exposto para a proba de setembro.

Criterios de cualificación

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao 100% pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.



Ampliacións

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, conforme a criterios obxectivos, á súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do Conservatorio Profesional de Música de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a adquisición de todos os obxectivos requiridos pola programación do curso que quere superar.

Devandita proba será realizada ante todos os membros do departamento de percusión, no que o alumno interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor tutor de entre as da programación de dito curso, e entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Criterios de cualificación

Neste caso os criterios de cualificación virán dados ao 100% pola execución técnica e interpretativa desempeñada na proba.



ANEXO IV

Outras actividades do departamento de percusión

Actividades complementarias

O Departamento de Percusión organizará como mínimo dúas audicións, tanto de aula como no auditorio do centro, ao longo do curso nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o seu profesor/a titor/a lle asigne sexa en grupo ou como solista.

Actividades extraescolares

O alumnado de Percusión terán o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades extraescolares que se leven a cabo dende o Departamento de Percusión, tales como cursos, seminarios, asistencia a concertos, visitas didácticas, intercambios con outros centros...etc.